



Pide ao seu homologo catalán que traslase a solidariedade da Cámara galega aos familiares e amigos das vítimas e desexa unha pronta recuperación aos feridos

## **Pilar Rojo traslada as súas condolencias polo accidente de Castelldefels ao presidente do Parlamento de Cataluña**

**Santiago, 25 de xuño de 2010.-** A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, enviou, en nome propio e no da Cámara lexislativa galega, unha mensaxe de condolencia e solidariedade ao seu homólogo catalán, Ernest Benach i Pascual, logo do accidente ferroviario rexistrado en Castelldefels.

Na misiva, Rojo Noguera pide a Ernest Benach que traslade a solidariedade e cariño do Parlamento de Galicia aos familiares e amigos das vítimas, ao tempo que desexa unha pronta recuperación aos feridos no atropelo rexistrado na vía férea.

Saúdos, Gabinete de Comunicación